

Operación suxeita á aprobación de CNMC

DOUGLAS ADQUIRE 103 ESTABLECEMENTOS DE PERFUMERÍAS IF

- **O lote de establecementos pasará a ser propiedade de Douglas GmbH que subrogará as condicións laborais dos traballadores**
- **Esta operación enmárcase dentro da estratexia de EROSKI para avanzar cara a un Grupo máis focalizado nas súas fortalezas e máis rendible**

Elorrio, 27 de xullo do 2017.- Douglas GmbH alcanzou un acordo co Grupo EROSKI para a adquisición de ata 103 establecementos de Perfumerías If. A operación contempla o mantemento dos postos de traballo dos centros traspasados, subrogándose as condicións laborais dos traballadores.

A operación require da aprobación da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) para materializarse. No entanto, estas tendas continuarán a súa actividade con normalidade.

EROSKI marcouse a competitividade como un dos seus eixes prioritarios para os vindeiros anos e esta operación enmárcase dentro da súa estratexia para avanzar cara a un Grupo máis focalizado nas súas fortalezas e máis rendible. O director xeral de recursos de EROSKI, Javier Amézaga, valorou positivamente a operación, xa que *"terá un impacto positivo na rendibilidade de EROSKI a medio prazo"*.

Tras esta operación, Grupo EROSKI mantén unha rede comercial de 1.270 supermercados e 54 hipermercados, 19 Cash&Carry, e 330 tendas en negocios de diversificación como gasolineras, perfumerías, ópticas, axencias de viaxe e tendas de material deportivo, amais das 8 tendas online. A rede comercial de distribución alimentaria de EROSKI concéntrase principalmente na franxa norte e leste da península, onde o Grupo mantén unha sólida posición cun 18% de cota de mercado.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)